

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 8 de agosto de 2006, da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

O Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), regula a provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

De conformidade co establecido no Decreto 129/2006, do 20 de xullo (DOG nº 151 do 7 de agosto) polo que se aproba a oferta de emprego público de determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2006, procede agora acordar e publicar as bases que van rexer a convocatoria da devandita oferta.

Esta convocatoria ten en conta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres polo que se refire ao acceso ao emprego, de acordo co artigo 14 da Constitución española, a Directiva Comunitaria do 9 de febreiro de 1976 e ás previsións da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

Polo tanto, este centro directivo, logo da negociación coa representación sindical no seo da Mesa Sectorial de Negociación e no uso das competencias atribuídas polo Decreto 46/2006, do 23 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, resolve convocar concurso-oposición para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, de acordo coas seguintes bases:

Primeira.-Normas xerais.

1. Convócase concurso-oposición para o acceso ás categorías que se especifican no anexo I desta resolución.

2. O número de prazas que se cubrirán neste proceso selectivo é o que se especifica, para cada unha das categorías, no citado anexo I, con expresión das reservadas ás quendas de acceso libre, promoción interna e, se é o caso, reserva do cinco por cento das prazas convocadas en cada categoría, en número enteiro, para seren cubertas por persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao trinta e tres por cento, de acordo coa disposición adicional décimo novena da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, modificada pola Lei 23/1988, do 28 de xullo, reformada pola Lei 53/2003, do 10 de decembro, sobre o emprego público de discapacitados.

3. Non se reservará ningunha praza para a quenda de persoas con discapacidade no caso de que non se oferte un mínimo de dez prazas da correspondente categoría.

No caso de que estas prazas non sexan cubertas, acumularanse ás da quenda de acceso libre. Así mesmo, no caso de que algún aspirante con discapacidade que se presentase pola quenda de reserva de persoas con discapacidade superase os exercicios correspondentes, pero non obtivese praza, e a súa puntuación fose superior á obtida por outros aspirantes da quenda de acceso libre, será incluído pola súa orde de puntuación na quenda de acceso libre.

4. As prazas da quenda de promoción interna que non sexan cubertas acumularanse ás da quenda de acceso libre.

5. Os aspirantes só poderán participar nunha das quendas citadas. Se da instancia que presenten non se deduce a súa opción, serán excluídos na lista provisional de admitidos e excluídos que se publiquen. De non emendar o defecto da instancia, quedarán definitivamente excluídos. Xa que logo, tras a publicación da lista definitiva de admitidos e excluídos, non se permitirá ningún cambio de quenda posterior ou calquera outro tipo de corrección ou aclaración respecto diso.

Segunda.-Requisitos dos candidatos.

Todos os requisitos exixidos nesta base deberanse posuír polos aspirantes, de calquera quenda de acceso, na data en que finalice o prazo de presentación de instancias e teranse que manter ata a toma de posesión como persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

O feito de figurar na relación definitiva de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos aspirantes a posesión dos requisitos exixidos no procedemento que se convoca.

1) Requisitos comúns para todas as quendas de acceso:

a) Ser español.

Ser nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o prevexa o correspondente tratado, e o dos nacionais dalgún Estado ao que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade que vivan ás súas expensas.

b) Ter cumpridos os dezaioito anos de idade e non ter alcanzada a idade de sesenta e cinco anos.

c) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que se deriven do correspondente nomeamento.

d) Non ser separado do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera servizo de saúde ou Administración pública nos seis anos anteriores á convocatoria, nin estar inhabilitado con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, se é o caso, para a correspondente profesión.

No caso dos nacionais doutros Estados mencionados no parágrafo a), non atoparse inhabilitado, por sanción ou pena, para o exercicio profesional ou para o acceso a funcións ou servizos públicos nun Estado membro, nin ser separado, por sanción disciplinaria, dalgunha das administracións ou servizos públicos nos seis anos anteriores á convocatoria.

e) Aboar as taxas por dereito de exame, se é o caso.

f) Estar en posesión da titulación que, para cada unha das categorías que se convocan, se especifica no anexo I desta resolución ou estar en condicións de obtela dentro do prazo de presentación de instancias, sen prexuízo do establecido para promoción interna.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

2) Persoas con discapacidade:

Ademais dos requisitos anteriores, os aspirantes que se presenten pola quenda de persoas con discapacidade terán que ter recoñecida a condición legal de persoa cun grao de minusvalidez igual ou superior ao trinta e tres por cento.

3) Promoción interna:

1. Ter a condición de persoal estatutario fixo doutra categoría de nivel académico igual ou inferior ao daquela á que se pretende acceder.

2. Estar en servizo activo en institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e con nomeamento como persoal estatutario fixo durante, polo menos, dous anos na categoría de procedencia.

Ao persoal integrado no réxime estatutario, seralle computado, para os efectos do prazo de dous anos, o tempo de servizos prestados como funcionario de carreira ou laboral fixo.

3. Presentar a titulación requirida.

Non se esixirá o requisito de titulación para o acceso a prazas de xestión e servizos dos grupos C e D, salvo que sexa necesaria unha titulación, acreditación ou habilitación profesional específica, a aqueles aspirantes que prestaran servizos durante

cinco anos na categoría de orixe e presenten a titulación exixida no grupo inmediatamente inferior ao da categoría á que se pretende acceder.

Terceira.-Instancia.

1. Os que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante instancia que se obterá segundo as instrucións que se publican como anexo II desta convocatoria. Xunto coa instancia presentárase a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI ou pasaporte.

Os aspirantes estranxeiros que residan en España deberán, ademais, presentar unha fotocopia cotexada da tarxeta de residente comunitario ou de familiar de residente comunitario en vigor ou, se é o caso, da tarxeta temporal de residente comunitario ou de traballador comunitario fronteirizo en vigor.

Os aspirantes que sexan nacionais da Unión Europea ou dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, que non residan en España, ben por residir no estranxeiro ou por atoparse en España en réxime de estadía, deberán presentar unha fotocopia cotexada do documento de identidade ou pasaporte.

Os familiares dos anteriores deberán presentar unha fotocopia cotexada do visado e, se é o caso, do xustificante de solicitar a correspondente tarxeta ou xustificante de solicitar a exención do visado e da correspondente tarxeta. De non solicitar estes documentos, deberán presentar os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo do parentesco e unha declaración xurada ou promesa do español, do nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea e do nacional dalgún Estado, ao que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, co que existe este vínculo, de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, se é o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

b) Xustificante de aboar os dereitos de exame, expedido pola entidade bancaria correspondente.

Por imperativo legal, de conformidade co disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, como requisito necesario para participar no proceso selectivo, deberase aboar previamente en concepto de dereitos de exame o importe da taxa, sinalado no anexo III, en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia. Para o ingreso da taxa empregárase un impreso de autoliquidación orixinal como o sinalado no anexo III. O devandito impreso facilitarase aos interesados nos servizos centrais e periféricos da

Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

Estarán exentos do pagamento das taxas por dereitos de inscrición:

As persoas con discapacidade igual ou superior ao trinta e tres por cento.

As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial; no caso de membros de categoría xeral terá unha bonificación do cincuenta por cento.

A acreditación deste dereito, debidamente cotexada, presentarase xunto coa instancia.

A presentación do xustificante do ingreso das taxas, no que non figure o selo da entidade bancaria con indicación da data, determinará a exclusión do aspirante. En ningún caso a presentación deste xustificante supoñerá a substitución da presentación, en tempo e forma da instancia.

Poderá facer efectivo así mesmo o pagamento da taxa por internet nas entidades financeiras actualmente autorizadas. Para isto, deberán acceder á oficina tributaria, a través da oficina virtual na páxina web da Consellería de Economía e Facenda (www.economiaefacenda.org) e pulsar o enlace «Taxas, prezos, multas e sancións» no menú da marxe esquerda. Neste caso, unha vez efectuado o pagamento da taxa correspondente, imprimirase o xustificante de aboar a taxa, que será o que se achegado xunto coa instancia.

O importe aboado en concepto de dereitos de exame devolverase, logo dos trámites correspondentes, só aos aspirantes excluídos que o soliciten no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da publicación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

2. A instancia terá que formalizarse conforme o establecido nas instrucións que se establecen no propio anexo II, cuxo soporte nunca será unha fotocopia senón un modelo orixinal obtido directamente de impresora.

3. O prazo para a presentación das instancias comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e finalizará o día trinta de setembro de 2006, inclusive.

4. As instancias para participar no concurso-oposición poderán presentarse no rexistro xeral dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, ou a través de calquera dos procedementos do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

As instancias subscritas no estranxeiro poderanse cursar, no prazo expresado no número tres desta base, a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que as remitirán seguidamente ao organismo competente.

5. Os aspirantes interesados en participar en varias categorías das ofertadas, deberán utilizar unha instancia diferente para cada categoría á que se presenten. Igualmente, pagarán o importe dos dereitos de exame correspondentes nun modelo de autoliquidación de taxas diferente para cada categoría.

6. Os aspirantes con discapacidade, opten ou non opten por participar na quenda reservada de persoas con discapacidade, poderán sinalar na instancia as adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios, cando esta adaptación sexa necesaria. As referidas adaptacións non desvirtuarán, en ningún caso, o contido das probas de valoración da aptitude dos aspirantes.

7. En todo caso, a autoridade convocante ou, por delegación, o órgano encargado da xestión do proceso, reservaranse o dereito a exigir que se acredite convenientemente a existencia ou non dos requisitos de participación e idoneidade dos aspirantes, en calquera momento anterior á resolución definitiva do concurso-oposición.

8. A consignación de datos falsos na instancia ou na documentación achegada polos aspirantes sancionaranse coa anulación da solicitude, sen prexuízo das demais medidas legais que correspondan.

O domicilio que figure nas instancias considerárase como o único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do aspirante tanto o erro na súa consignación como a comunicación ao Servizo Galego de Saúde de calquera cambio deste. O mesmo será aplicable aos outros medios de comunicación posibles, como os teléfonos de contacto e o correo electrónico.

Cuarta.-Admisión de aspirantes.

1. Expirado o prazo de presentación de instancias, a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, tras a clasificación e revisión das achegadas, ditará unha resolución declarando con carácter provisional os aspirantes admitidos e excluídos, co motivo da exclusión, para cada unha das categorías.

2. Esta resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, e terá que indicar o lugar ou lugares nos que se poderán examinar as listaxes de aspirantes admitidos e excluídos.

3. Os aspirantes excluídos dispoñerán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución para poder corrixir, se é o caso, o defecto que motivou a súa exclusión.

Non se poderá emendar a presentación da instancia fóra do prazo habilitado para este efecto.

A estimación ou desestimación de devanditas peticións de emendas entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

4. Á vista das peticións de reparación achegadas, a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional e do Servizo Galego de Saúde, ditará resolución definitiva, contra a que se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o devandito órgano no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 8.2º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, en relación co artigo 10.1º do mesmo texto legal.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos exixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, despréndese que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no procedemento.

Quinta.-Tribunais.

1. Os tribunais cualificadores do concurso-oposición, para cada unha das categorías que se convocan, serán nomeados pola autoridade convocante cunha antelación mínima dun mes ao da data de realización das probas, publicándose para este efecto a oportuna resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Correspóndenlles aos tribunais as funcións relativas á determinación concreta do contido das probas e a cualificación dos aspirantes, tanto na fase de oposición como na de concurso, así como, en xeral, a adopción de cantas medidas sexan precisas para o correcto desenvolvemento das probas selectivas e á resolución de incidencias, polo que non poderán disolverse ata as correspondentes tomas de posesión dos aspirantes que resulten seleccionados.

2. Os tribunais serán únicos para cada categoría. No entanto, o órgano convocante, en atención ao elevado número de aspirantes, poderá nomear unha comisión ou grupo de traballo para realizar as tarefas auxiliares de carácter técnico ou organizativo que lle sexan encomendadas, sen que a súa actuación afecte as competencias e a autonomía dos tribunais de selección.

3. Os tribunais terán a súa sede, para os efectos de comunicacións, envío de documentación ou incidencias, na División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, situada en San Lázaro s/n, 15703 de Santiago de Compostela.

4. Os tribunais estarán compostos dun número de membros non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de membros suplentes.

Os membros dos tribunais terán a condición de persoal funcionario de carreira ou estatutario fixo das administracións públicas ou dos servizos de saúde, ou de persoal laboral fixo dos centros vinculados ao Sistema Nacional de Saúde, en praza ou categoría para a que se exixa posuír titulación do nivel académico igual ou superior á exixida para o ingreso.

Os tribunais poderán propoñer ao órgano convocante a incorporación aos seus traballos dos asesores especialistas ou de apoio que estime oportunos. Os devanditos asesores limitaranse a prestar a súa colaboración nas especialidades técnicas, con voz e sen voto.

5. Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunha circunstancia das previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou realicen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas da correspondente categoría ou especialidade nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O presidente deberá solicitar dos membros do tribunal declaración expresa de non atoparse incurso nas circunstancias previstas no citado artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común nin nas demais causas de abstención previstas nesta base. Esta declaración deberá ser tamén realizada polos asesores especialistas previstos e polo persoal auxiliar que o tribunal incorpore aos seus traballos.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nesta base, conforme o artigo 29 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. A autoridade convocante publicará, se é o caso, no *Diario Oficial de Galicia*, resolución pola que se nomee aos novos membros deste que teñan que substituír aos que perderon a súa condición por algunha das causas previstas, así como aos substitutos daqueles.

7. Logo da convocatoria do presidente, constituirase o tribunal coa asistencia da maioría dos seus membros, titulares ou suplentes. A partir da súa constitución, o tribunal requirirá, para actuar validamente, a presenza da maioría dos seus membros, titulares ou suplentes. Por acordo dos seus membros, o tribunal poderá acordar a autoconvocatoria para a seguinte ou seguintes sesións que teñan lugar sen necesidade de citación por escrito aos seus membros.

8. Os tribunais que actúen no proceso selectivo terán a categoría primeira das recolleitas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, segundo acórdeo o órgano competente na materia.

Sexta.-Procedemento de selección.

De acordo co establecido no artigo 6 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, o sistema de selección será o de concurso-oposición para todas as categorías que se convocan.

A) Fase de oposición.

1. A fase de oposición, en cada unha das categorías que se convocan, consistirá na realización dos exercicios que, para cada unha delas, se enumeran no anexo IV desta resolución e coa forma e sistema de cualificación descrita. Excepto para as categorías cuxo temario se achega nesta mesma resolución no anexo VI, para as demais foi publicado pola Resolución do 6 de xuño de 2006, no *Diario Oficial de Galicia* nº 112, do 13 de xuño.

2. Unha vez realizados os distintos exercicios da fase de oposición, correspóndelles aos tribunais establecer os criterios de corrección das probas. Estes criterios de corrección realizaranse tendo en conta que nos exercicios da fase de oposición que sexan eliminatorios, será necesario que os aspirantes alcancen unha puntuación do cincuenta por cento da puntuación máxima asignada a cada un dos exercicios de tal carácter. O exercicio de coñecemento da lingua galega terá carácter obrigatorio e non eliminatorio.

As respostas incorrectas, nos exercicios eliminatorios de tipo test, penalizaranse coa puntuación negativa que resulte de aplicar un vinte e cinco por cento da puntuación asignada á resposta correcta.

Os aspirantes que non superen ou non obteñan o cincuenta por cento da puntuación fixada como máxima no anexo correspondente a cada unha das categorías e exercicios de carácter eliminatorio, resultarán eliminados.

3. Os tribunais adoptarán as medidas oportunas para garantir que os exercicios tipo test da fase de oposición sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade dos aspirantes. Á finalización dos exercicios tipo test entregarase a cada aspirante a folla autocopiativa do seu exame, así como o cuestionario de preguntas. O modelo de respostas correctas publicárase con posterioridade a este.

4. Os exercicios da fase de oposición realizaranse no lugar e á hora que se fixe nunha resolución da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde que terá que publicarse no *Diario Oficial de Galicia* cun prazo mínimo de antelación de cinco días naturais, ademais de poder ser anticipada para efectos informativos na páxina web: www.sergas.es.

De conformidade co establecido no artigo 15 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, poderanse realizar exercicios conxuntos para varias categorías, así como varios exercicios, na mesma data, para a mesma categoría en unidade de acto.

5. As probas de carácter práctico serán fixadas polo tribunal de acordo co previsto nos anexos destas bases para cada categoría.

6. Cando se trata de exercicios que teñan que ser lidos ante o tribunal, a orde de chamamento dos aspirantes para a realización do acto de lectura que, en todo caso, terá que ser público, será iniciada por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra O, de conformidade co establecido na Resolución do 3 de febreiro de 2006 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 36, do 21 de febreiro).

Os sucesivos chamamentos realizaranse a través do taboleiro de anuncios existente no lugar en que se realice a dita lectura e terán que levarse a cabo cunha antelación mínima de doce horas. A cualificación dos aspirantes farase pública ao finalizar cada sesión. Os aspirantes que non alcancen o cincuenta por cento da puntuación máxima asignada serán cualificados como non aptos.

7. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

8. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio nun único chamamento, sendo excluídos do concurso-oposición os que non comparezan. En todo caso, para garantir a unidade de acto non serán tidas en conta causas de forza maior ou calquera outra causa para emendar a non comparecencia.

9. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal tivese coñecemento de que algún dos aspirantes non cumpre un ou varios dos requisitos exixidos pola presente convocatoria, logo de audiencia do interesado, debe propoñer a súa exclusión á autoridade convocante. Do mesmo xeito, o tribunal deberá dar conta das inexactitudes ou falsidades nas que puidesen incurrir os aspirantes, para os efectos procedentes.

10. Establécese un prazo único de cinco días hábiles seguintes á realización dos exercicios para que os interesados poidan presentar reclamacións a este.

Se o tribunal, de oficio ou con base nas reclamacións presentadas, anulase algunha ou algunhas das preguntas incluídas nun exercicio anunciarao publicamente xunto coa publicación das puntuacións dos distintos exercicios da fase de oposición, nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Sergas e na páxina web do Servizo Galego de Saúde: www.sergas.es.

Neste caso serán tidas en conta as preguntas de reserva, que terán unha puntuación igual que o resto das preguntas do correspondente exercicio.

A estimación ou desestimación das ditas reclamacións entenderanse implícitas na resolución pola que se publiquen as puntuacións dos distintos exercicios.

11. Tras a publicación das puntuacións dos exercicios, os aspirantes poderán presentar reclamación ante o tribunal no prazo de cinco días hábiles seguintes ao da devandita publicación.

A estimación ou desestimación das ditas reclamacións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique as puntuacións definitivas dos distintos exercicios.

12. Sen prexuízo do carácter eliminatorio dos distintos exercicios da fase de oposición, poderán superar a devandita fase un número de aspirantes superior ao das prazas convocadas na correspondente categoría.

B) Fase de concurso.

1. Finalizada na súa totalidade a fase de oposición, o tribunal publicará un acordo no *Diario Oficial de Galicia* no que se declarará finalizada a fase de oposición e abrirá un prazo dun mes contado desde o seguinte ao da súa publicación para que os devanditos aspirantes acheguen a documentación acreditativa dos méritos que aleguen.

Se algún aspirante non achegase calquera tipo de mérito, o tribunal, de oficio, outorgaralle cero puntos na fase de concurso.

2. De acordo co establecido no artigo 23.2º do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, a valoración da fase de concurso non poderá exceder do trinta por cento da puntuación máxima alcanzable na fase de oposición.

3. Os méritos da fase de concurso establecidos no anexo V, enténdense referidos ao día de finalización do prazo para a presentación de instancias para tomar parte na fase de oposición.

4. Os tribunais poderán requirir, de oficio, dos aspirantes ou de calquera Administración pública, a documentación complementaria ou as aclaracións precisas coa finalidade de asegurar a máxima obxectividade na adxudicación da puntuación nesta fase de concurso.

5. Realizada polo tribunal a baremación correspondente, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* o anuncio da súa exposición, con indicación da puntuación obtida por cada aspirante nos distintos puntos, así como a valoración total da fase de concurso. Contra a baremación os aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación ante o propio tribunal no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A estimación ou desestimación das ditas reclamacións entenderanse implícitas na resolución pola

que se publiquen as puntuacións definitivas da fase de concurso.

6. Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, se é o caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, o tribunal establecerá a relación de aspirantes, pola orde de puntuación alcanzada, indicando a puntuación obtida en cada unha das fases e a puntuación total que será a suma de ambas. A dita relación indicará as diferentes quendas de acceso, así como os aspirantes definitivamente seleccionados, elevando esta relación á autoridade convocante para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

7. O sistema de desempate efectuarase a favor dos aspirantes que tivesen a maior puntuación na fase de oposición no seu conxunto e de persistir o empate, pola maior puntuación nos exercicios da fase de oposición atendendo á súa orde de realización. De persistir aínda o empate, dirimirase a favor do aspirante con maior puntuación na fase de concurso e, de ser necesario, sucesivamente por cada punto da fase de concurso e pola súa orde. Para rematar, decidiría a maior idade do aspirante.

8. A puntuación obtida na fase de concurso non poderá ser aplicada para superar a fase de oposición.

9. En ningún caso o tribunal poderá declarar que superaron o concurso-oposición un número de aspirantes superior ao de prazas convocadas. Tal declaración será nula de pleno dereito.

Sétima.-Promoción interna.

1. Para o acceso a todas as categorías convocadas, os aspirantes da quenda de promoción interna estarán exentos de contestar as preguntas relativas aos temas da parte común do programa (temas un a oito, ambos inclusive).

2. Ademais, para o acceso ás categorías do grupo técnico e grupo de xestión da función administrativa, os aspirantes que pertencen a unha categoría da función administrativa do grupo de clasificación inmediatamente inferior ao da categoría á que aspiran, estarán eximidos de realizar o terceiro exercicio de desenvolvemento de temas.

3. Igualmente, para o acceso a categorías de diplomados sanitarios (ATS/DUE, fisioterapeuta e terapeuta ocupacional), os aspirantes que pertencen a unha categoría de diplomados sanitarios estarán exentos de contestar as preguntas relativas aos temas do nove ao dezoito do programa, ambos inclusive.

4. Para determinar a orde de prelación entre os aspirantes da quenda de promoción interna só se terán en conta as puntuacións dos exercicios comúns para todas as quendas de acceso así como a puntuación do correspondente baremo.

5. O persoal seleccionado pola quenda de promoción interna terá preferencia para a elección de prazas respecto ao persoal seleccionado polas demais

quendas, sen prexuízo do establecido no número catro da base oitava, respecto das persoas con discapacidade.

Oitava.-Elección de destino.

1. Recibida pola autoridade convocante a proposta de aspirantes que superaron o concurso-oposición na categoría correspondente, procederase á publicación no *Diario Oficial de Galicia* dunha resolución pola que, todos os aspirantes, sen excepción, que superasen a fase de oposición, deberán achegar inescusablemente a seguinte documentación, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, pois pola contra quedarían excluídos do proceso selectivo:

a) Fotocopia compulsada do título exixido para o ingreso na correspondente categoría, segundo o disposto no anexo I desta resolución.

Deberá presentarse copia traducida por tradutor xurado daqueles títulos que estean redactados nun idioma distinto a calquera dous oficiais do Estado español.

b) Os participantes que accedan polas quendas de promoción interna e de persoas con discapacidade deberán achegar, ademais da documentación anterior, orixinal ou certificación compulsada acreditativa para acceder pola correspondente quenda.

Nesta mesma resolución aprobarase a relación, por localidade e institución sanitaria, de prazas que se ofrecen aos aspirantes seleccionados e o procedemento e o prazo para que estes manifesten a súa opción polos destinos ofertados.

2. De acordo co establecido no artigo 17 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, as prazas vacantes que se oferten corresponderán sempre a prazas básicas da correspondente categoría estatutaria.

3. As prazas adxudicaranse entre os aspirantes pola orde de puntuación alcanzado no concurso-oposición con preferencia a favor dos aspirantes que accederon pola quenda de promoción interna, de conformidade co establecido no número catro da base anterior.

4. Só para os efectos de elección de destinos, de conformidade co artigo 9 do Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, os aspirantes que superasen o concurso-oposición pola quenda reservada a persoas con discapacidade, poderán solicitar á autoridade convocante a alteración da orde de prelación para a elección das prazas por motivos de dependencia persoal, dificultades de desprazamento ou outras análogas, que deberán ser debidamente acreditados. O órgano convocante decidirá a dita alteración cando se atope debidamente xustificado

e deberá limitarse a realizar a mínima modificación na orde de prelación necesaria para posibilitar o acceso ao posto da persoa con discapacidade.

5. A solicitude que formulen os aspirantes será vinculante e irrenunciable.

6. O aspirante seleccionado que non opte por un destino, no prazo e de acordo ao procedemento establecido, non poderá ser nomeado, e quedarán sen efecto todas as súas actuacións. En todo caso, non serán tidas en conta causas de forza maior ou calquera outra causa para emendar a non elección de destino.

Neste suposto, a autoridade convocante procederá ao chamamento de novos aspirantes, no número que se corresponda coas prazas ofertadas e non elixidas, coa finalidade de que manifesten a súa opción por estas. Esta opción será realizada pola orde de prelación que resulte da lista definitiva e logo de presentación da documentación que acredite o cumprimento dos requisitos exixidos na convocatoria.

Este mesmo procedemento seguirase no caso de que algún dos aspirantes seleccionados non cumpra os requisitos exixidos ou non presente a documentación a que se refire o número un desta base.

Novena.-Nomeamento e toma de posesión.

1. Unha vez adxudicados os destinos, publicarase no *Diario Oficial Galicia* a resolución pola que se declare finalizado o proceso selectivo, con nomeamento como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde e asignación de destino a aqueles aspirantes seleccionados que acrediten o cumprimento dos requisitos exixidos.

2. Os nomeados dispoñerán do prazo dun mes para incorporarse á praza adxudicada. O cómputo deste prazo iniciarase ao día seguinte ao da publicación á que se refire o punto anterior. A toma de posesión da praza efectuarase no centro de xestión ao que pertenza esta. A falta de incorporación no prazo referido, cando sexa imputable ao interesado e non responda a causas xustificadas, producirá o decaemento do seu dereito a obter a condición de persoal estatutario fixo como consecuencia do concreto proceso selectivo. Non entanto, en casos de forza maior, e por instancia do interesado, a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde poderá prorrogar o prazo de toma de posesión.

3. A incorporación ás prazas adxudicadas levará aparelado o cesamento do persoal temporal que, se é o caso, as ocupe, de acordo cos criterios de incorporación e cesamentos vixentes no Servizo Galego de Saúde.

Décima.-Norma derradeira.

1. Esta convocatoria e as súas bases vinculan á Administración, aos tribunais encargados de vulgar o concurso-oposición e aos que participen neste.

2. Así mesmo, cantos actos administrativos sexan producidos polos tribunais, pola autoridade convocante ou o órgano encargado da xestión, poderán ser impugnados polos interesados de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

3. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta secretaria, no prazo dun mes

contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderase impugnar directamente ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, segundo o artigo 8.º en conexión co artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2006.

Antolín Rodríguez Martínez
Secretario xeral do Servizo Galego de Saúde

ANEXO I

Categoría (código)	Grupo	Acceso libre	Promoción interna	Reserva minusválidos	Total	Titulación exixida
ATS/DUE (001)	B	286	319	32	637	Diplomatura Universitaria de Enfermaría ou ATS.
Auxiliar de enfermaría (002)	D	231	257	26	514	Formación profesional de técnico en coitados auxiliares de enfermaría, ou formación profesional de primeiro grao na súa rama sanitaria ou equivalente.
Calefactor (003)	D	3	3	0	6	Graduado escolar, formación profesional de 1º grao ou equivalente. Carnet de operador industrial de caldeiras.
Celador (004)	E	121	135	14	270	Certificado de escolaridade ou equivalente.
Cociñeiro (005)	C	8	9	1	18	Técnico superior en restauración ou equivalente (equivalente: formación profesional na rama de hostalaría e turismo; ou bacharelato superior máis 3 anos de experiencia acreditada na profesión).
Conductor (006)	D	3	3	0	6	Graduado escolar, formación profesional de 1º grao ou equivalente. Carnet de conducir BTP.
Fisioterapeuta (008)	B	10	13	2	25	Diplomado en fisioterapia ou enfermaría, coa especialidade de fisioterapia.
Grupo administrativo (009)	C	9	11	2	22	Título de bacharelato superior, formación profesional de segundo grao ou equivalente.
Grupo auxiliar da función administrativa (010)	D	72	81	9	162	Graduado escolar, ciclo medio de xestión administrativa ou equivalente.
Grupo técnico da función administrativa (011)	A	6	8	1	15	Título de doutor, licenciado, arquitecto, enxeñeiro superior ou equivalente.
Grupo de xestión da función administrativa (012)	B	11	13	2	26	Enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto técnico, formación profesional de terceiro grao ou equivalente.
Lavandeiro (013)	E	8	10	1	19	Certificado de escolaridade ou equivalente.
Pasador de ferro (015)	E	13	15	2	30	Certificado de escolaridade ou equivalente.
Persoal de servizos xerais (016)	D	97	109	11	217	Graduado escolar, formación profesional de 1º grao ou equivalente.
Pinche (017)	E	68	76	8	152	Certificado de escolaridade ou equivalente.
Técnico de xestión de sistemas e tecnoloxías da información (018)	B	4	5	0	9	Título de enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto técnico, formación profesional de terceiro grao ou equivalente
Técnico especialista de sistemas e tecnoloxías da información (019)	C	2	3	0	5	Formación profesional de segundo grao na rama informática, formación profesional específica de grao medio en informática, formación profesional de segundo grao ou equivalente.
Técnico especialista en anatomía patolóxica (020)	C	3	3	0	6	Título de técnico superior en anatomía patolóxica e citoloxía ou titulación equivalente.
Hixienista dental (021)	C	3	3	0	6	Título de técnico superior en hixiene bucodental ou titulación equivalente.
Técnico especialista en laboratorio (022)	C	23	26	3	52	Título de técnico superior en laboratorio de diagnóstico clínico ou titulación equivalente.
Técnico especialista en radiodiagnóstico (023)	C	23	26	3	52	Título de técnico superior en imaxe para o diagnóstico clínico ou titulación equivalente.
Técnico especialista en radioterapia (024)	C	4	6	1	11	Título de técnico superior en radioterapia ou titulación equivalente.
Telefonista (025)	D	3	3	0	6	Graduado escolar, formación profesional de 1º grao ou equivalente.
Terapeuta ocupacional (026)	B	3	4	0	7	Diplomado en terapia ocupacional.

ANEXO II

INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR CORRECTAMENTE

* ¿Onde obter o formulario de solicitude de inscrición?

Para obter/cubrir o formulario de solicitude de inscrición no proceso de OPE 2006, poderá facelo por algunha das seguintes vías:

1) Cubrir o formulario electrónico publicado na páxina web do Servizo Galego de Saúde (a máis recomendable para o procesado da información).

a) Acceda á páxina web do Servizo Galego de Saúde: www.sergas.es.

b) Na páxina inicial, no punto Recursos Humanos, pulse a epígrafe «OPE 2006».

c) No punto «Impresos para a participación no proceso», na liña «Solicitude de participación», faga <click> en «Cubrir o formulario de participación».

d) Neste punto abrirase un formulario no que vos- tede poderá cubrir os datos da solicitude.

e) Unha vez cubertos, utilice a opción «Imprimir» que aparece ao final do formulario. (A opción aparece a continuación dos textos e avisos, se non o ve inmediatamente na pantalla, móvase coa barra de *scroll* ao final do formulario).

f) A opción imprimir xera tres páxinas:

a. 2 copias do formulario, unha para entregar no rexistro e outra para o interesado.

b. 1 páxina coa información relativa ás taxas que debe aboar. Atención: esta páxina é unicamente informativa, debe cubrir e aboar as taxas.

2) Descargar o modelo de solicitude da páxina web do Servizo Galego de Saúde.

a) Acceda á páxina web do Servizo Galego de Saúde: www.sergas.es.

b) Na páxina inicial no punto Recursos Humanos, pulse o punto «OPE 2006».

c) No punto «Impresos para a participación no proceso», na liña «Solicitude de participación», faga <click> en «Descargar o modelo de solicitude» e abrírase o formulario na pantalla (en formato Acrobat), imprímalo, cúbralo e presénteo no rexistro. Nota: para quedarse cunha copia, faga fotocopia deste unha vez cuberto.

3) Obter copia orixinal do modelo.

a) Será válida tamén a presentación do formulario do modelo impreso orixinal (non fotocopiado) a que se refire o punto anterior, dispoñible nos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na maioría dos seus centros de xestión de atención primaria e especializada, xunto coas instrucións de cobertura.

En calquera caso, recorde que:


Unha vez impreso o formulario de solicitude de participación debe ser presentado no rexistro xunto coa documentación solicitada:

* Fotocopia do NIF/DNI/pasaporte.

* Xustificante de liquidación ou exención/bonificación de taxas.

Sendo ambos documentación obrigatoria, a non presentación no rexistro desta documentación será motivo de exclusión deste proceso selectivo.

ANEXO III

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA		TAXAS da COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA Lei 6/2003, do 9 de decembro Decreto 61/2005, do 7 de abril AUTOLIQUIDACIÓN		Modelo A EUROS
Consellería de Saúde Delegación de Servizos Centrais Servizo de Sergas Secretaría		Código: <input type="text" value="11"/> Código: <input type="text" value="13"/> Código: <input type="text" value="03"/> Taxa: denominación Inscrición proceso selectivo OPE 2006 Código: <input type="text" value="30103000"/>		APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL NÚMERO ESCAL. PISO PORTA TELEFONO NIF VÍA PÚBLICA CONCELLO PROVINCIA CÓDIGO POSTAL
BASE DE CÁLCULO OU BASE IMPONIBLE OU UNIDADES		TIPO OU TARIFA		IMPORTE PARA INGRESAR TOTAL <input type="text"/> €
Sinatura do declarante ou representante legal a de de 20		Data Número		Seio
IMPORTANTE: O ingreso deberá realizarse en calquera das sucursais das entidades financeiras colaboradoras na recadación.				

LISTADO DE CATEGORÍAS E TAXAS

Categorías	Taxas
Grupo técnico da función administrativa	38,20 €
ATS/DUE	32,90 €
Fisioterapeuta	32,90 €
Grupo de xestión da función administrativa	32,90 €
Técnico de xestión de sistemas e tecnoloxías da información	32,90 €
Terapeuta ocupacional	32,90 €
Cociñeiro	28,65 €
Grupo administrativo	28,65 €
Técnico especialista de sistemas e tecnoloxías da información	28,65 €
Técnico especialista en anatomía patolóxica	28,65 €
Hixienista dental	28,65 €
Técnico especialista radiodiagnóstico	28,65 €
Técnico especialista en laboratorio	28,65 €
Técnico especialista en radioterapia	28,65 €
Calefactor	23,35 €
Condutor	23,35 €
Grupo auxiliar da función administrativa	23,35 €
Persoal de servizos xerais	23,35 €
Auxiliar de enfermaría	23,35 €
Telefonista	23,35 €
Celador	19,10 €
Lavandeiro	19,10 €
Pasador de ferro	19,10 €
Pinche	19,10 €

ANEXO IV

Categorías do grupo B: (excepto grupo de xestión da función administrativa).

1º exercicio: consistirá na realización, en unidade de acto, dun único exercicio, nun prazo máximo de 130 minutos, con dúas partes diferenciadas, ambas eliminatorias:

1. Contestación por escrito dun cuestionario de 60 preguntas tipo test con catro respostas alternativas, sobre o contido do programa.

A porcentaxe de preguntas relativas á parte de temas comúns será do 15% (9 preguntas). Este exercicio será valorado de 0 a 60 puntos.

2. Contestación por escrito dun cuestionario de 40 preguntas tipo test, de supostos prácticos, con catro respostas alternativas sobre os temas do programa con contido relacionado coas competencias profesionais da categoría. Este exercicio será valorado de 0 a 35 puntos.

Ademais engadiranse 5 preguntas de reserva en cada unha das partes.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas co cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Para superar cada unha das partes eliminatorias do exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do valor desta.

A puntuación obtida nunha das partes non poderá ser utilizada para superar a outra.

2º exercicio (obligatorio e non eliminatorio): contestación, durante un período máximo de 15 minutos, dun cuestionario de 10 preguntas, con respostas alternativas, mediante o que se evidencie o coñecemento por parte dos aspirantes da lingua galega. Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

Ademais engadiranse 3 preguntas de reserva.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas co cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Categorías do grupo C: (excepto cociñeiro).

1º exercicio: consistirá na realización, en unidade de acto, dun único exercicio, nun prazo máximo de 130 minutos, con dúas partes diferenciadas, ambas eliminatorias:

1. Contestación por escrito dun cuestionario de 60 preguntas tipo test con catro respostas alternativas, sobre o contido do programa.

A porcentaxe de preguntas relativas á parte de temas comúns será do 15% (9 preguntas). Este exercicio será valorado de 0 a 60 puntos.

2. Contestación por escrito dun cuestionario de 40 preguntas tipo test, de supostos prácticos, con catro respostas alternativas sobre os temas do programa con contido relacionado coas competencias profesionais da categoría. Este exercicio será valorado de 0 a 35 puntos.

Ademais engadiranse 5 preguntas de reserva en cada unha das partes.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas co cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Para superar cada unha das partes eliminatorias do exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do valor desta.

A puntuación obtida nunha das partes non poderá ser utilizada para superar a outra.

2º exercicio (obligatorio e non eliminatorio): contestación, durante un período máximo de 15 minutos, dun cuestionario de 10 preguntas, con respostas alternativas, mediante o que se evidencie o coñecemento por parte dos aspirantes da lingua galega. Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

Ademais engadiranse 3 preguntas de reserva.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas co cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Categorías do grupo D: (excepto grupo auxiliar da función administrativa e persoal de servizos xerais).

1º exercicio: consistirá na realización, en unidade de acto, dun único exercicio, nun prazo máximo de 110 minutos, con dúas partes diferenciadas, ambas eliminatorias:

1. Contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test con catro respostas alternativas, sobre o contido do programa.

A porcentaxe de preguntas relativas á parte de temas comúns será do 15% (8 preguntas). Este exercicio será valorado de 0 a 60 puntos.

2. Contestación por escrito dun cuestionario de 30 preguntas tipo test, de supostos prácticos, con catro respostas alternativas sobre os temas do programa con contido relacionado coas competencias profesionais da categoría. Este exercicio será valorado de 0 a 35 puntos.

Ademais engadiranse 5 preguntas de reserva en cada unha das partes.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas co cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Para superar cada unha das partes eliminatorias do exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do valor desta.

A puntuación obtida nunha das partes non poderá ser utilizada para superar a outra.

2º exercicio (obligatorio e non eliminatorio): contestación, durante un período máximo de 15 minutos, dun cuestionario de 10 preguntas, con respostas alternativas, mediante o que se evidencie o coñecemento por parte dos aspirantes da lingua galega. Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

Ademais engadiranse 3 preguntas de reserva.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas co cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Categorías do grupo E:

1º exercicio: consistirá na realización, en unidade de acto, dun único exercicio, nun prazo máximo de 120 minutos, con dúas partes diferenciadas, ambas eliminatorias:

1. Contestación por escrito dun cuestionario de 60 preguntas tipo test con catro respostas alternativas, sobre o contido do programa.

A porcentaxe de preguntas relativas á parte de temas comúns será do 20% (12 preguntas). Este exercicio será valorado de 0 a 60 puntos.

2. Contestación por escrito dun cuestionario de 30 preguntas tipo test, de supostos prácticos, con catro respostas alternativas sobre os temas do programa con contido relacionado coas competencias profesionais da categoría. Este exercicio será valorado de 0 a 35 puntos.

Ademais engadiranse 5 preguntas de reserva en cada unha das partes.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas co cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Para superar cada unha das partes eliminatorias do exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do valor desta.

A puntuación obtida nunha das partes non poderá ser utilizada para superar a outra.

2º exercicio (obligatorio e non eliminatorio): contestación, durante un período máximo de 15 minutos, dun cuestionario de 10 preguntas, con respostas alternativas, mediante o que se evidencie o coñecemento por parte dos aspirantes da lingua galega. Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

Ademais engadiranse 3 preguntas de reserva.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas co cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Cociñeiro:

1º exercicio (eliminatorio): contestación por escrito dun cuestionario de 90 preguntas tipo test con catro respostas alternativas, sobre o contido do programa, nun prazo máximo de 120 minutos.

A porcentaxe de preguntas relativas á parte de temas comúns será do 10% (9 preguntas). Este exercicio será valorado de 0 a 60 puntos.

Ademais engadiranse 5 preguntas de reserva.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas co cuarto do valor asignado á contestación correcta.

2º exercicio (eliminatorio): consistirá na realización dunha proba de carácter práctico de cociña para demostración das aptitudes, destrezas e capacidade profesional en relación coas funcións propias da categoría, co tempo e cos medios que o tribunal estime axeitados.

Este exercicio será valorado de 0 a 35 puntos.

3º exercicio (obligatorio e non eliminatorio): contestación, durante un período máximo de 15 minutos, dun cuestionario de 10 preguntas, con respostas alternativas, mediante o que se evidencie o coñecemento por parte dos aspirantes da lingua galega. Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

Ademais engadiranse 3 preguntas de reserva.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas co cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Auxiliares da función administrativa, persoal de servizos xerais:

1º exercicio (eliminadorio): contestación por escrito dun cuestionario de 80 preguntas tipo test con respostas alternativas sobre o contido do programa, nun prazo máximo de 110 minutos.

A porcentaxe de preguntas relativas á parte de temas comúns será do 15% (12 preguntas). Este exercicio será valorado de 0 a 60 puntos

Ademais engadiranse 5 preguntas de reserva.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas co cuarto do valor asignado á contestación correcta.

2º exercicio (eliminadorio): consistirá na realización dunha proba de contido práctico co ordenador a través da que se evidencie o coñecemento polos aspirantes da materia informática e da súa aplicación práctica, sobre manexo de paquetes ofimáticos (folla de cálculo e procesador de textos) na última versión de Microsoft Office, no tempo e cos medios que o tribunal estime axeitados.

O tribunal por cuestión de índole organizativa poderá propoñer exercicios distintos de similares características, que serán sorteados ao chou nos correspondentes chamamentos parciais.

Así mesmo, todos aqueles exercicios que non acaden a puntuación mínima exixida para superar a proba, serán cualificados directamente como non apto.

Esta proba será valorada de 0 a 35 puntos.

3º exercicio (obligatorio e non eliminadorio): contestación, durante un período máximo de 15 minutos, dun cuestionario de 10 preguntas, con respostas alternativas, mediante o que se evidencie o coñecemento por parte dos aspirantes da lingua galega. Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

Ademais engadiranse 3 preguntas de reserva.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas co cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Técnico da función administrativa:

1º exercicio (eliminadorio): contestación por escrito dun cuestionario de 100 preguntas con respostas alternativas, sobre o contido do programa, nun prazo máximo de 130 minutos.

A porcentaxe de preguntas relativas á parte de temas comúns será do 15% (15 preguntas). Este exercicio será valorado de 0 a 40 puntos.

Ademais engadiranse 5 preguntas de reserva.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas co cuarto do valor asignado á contestación correcta.

2º exercicio (eliminadorio): resolución por escrito dun ou varios supostos prácticos, no tempo máximo de 120 minutos, relacionados coas materias específicas do programa.

Para a realización deste exercicio os aspirantes poderán utilizar toda clase de textos normativos non comentados que consideren axeitados. Nesta proba valorarase o rigor analítico, a sistemática e a claridade de ideas a prol da elaboración dunha proposta razoada.

Este exercicio será valorado de 0 a 30 puntos.

3º exercicio (eliminadorio): consistirá en desenvolver por escrito, no prazo máximo de 180 minutos, dous temas, un da parte común e outro da parte específica do programa, elixido polo aspirante entre dous sorteados ao chou de cada unha das partes deste.

Este exercicio deberá ser lido obrigatoriamente ante o tribunal polo aspirante, apreciándose, fundamentalmente, a capacidade e formación xeral, a claridade de ideas, a precisión e rigor na exposición e na calidade de expresión escrita. Este exercicio será valorado de 0 a 25 puntos.

4º exercicio (obligatorio e non eliminadorio): contestación, durante un período máximo de 15 minutos, dun cuestionario de 10 preguntas, con respostas alternativas, mediante o que se evidencie o coñecemento por parte dos aspirantes da lingua galega. Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

Ademais engadiranse 3 preguntas de reserva.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas co cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Xestión da función administrativa:

1º exercicio (eliminadorio): contestación por escrito dun cuestionario de 80 preguntas con respostas alternativas, sobre o contido do programa, nun prazo máximo de 110 minutos.

A porcentaxe de preguntas relativas á parte de temas comúns será do 15% (12 preguntas). Este exercicio será valorado de 0 a 40 puntos.

Ademais engadiranse 5 preguntas de reserva.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas co cuarto do valor asignado á contestación correcta.

2º exercicio (eliminadorio): resolución por escrito dun ou varios supostos prácticos, no tempo máximo

de 120 minutos, relacionados coas materias específicas do programa.

Para a realización deste exercicio os aspirantes poderán utilizar toda clase de textos normativos non comentados que consideren axeitados. Nesta proba valorarase o rigor analítico, a sistemática e a claridade de ideas a prol da elaboración dunha proposta razoada.

Este exercicio será valorado de 0 a 30 puntos.

3º exercicio (eliminatório): consistirá en desenvolver por escrito, no prazo máximo de 180 minutos, dous temas da parte específica do programa, elixido polo aspirante entre catro sorteados ao chou entre os temas da parte específica do programa.

Este exercicio deberá ser lido obrigatoriamente ante o tribunal polo aspirante, apreciándose, fundamentalmente, a capacidade e formación xeral, a claridade de ideas, a precisión e rigor na exposición e a calidade de expresión escrita. Este exercicio será valorado de 0 a 25 puntos.

4º exercicio (obrigatorio e non eliminatório): contestación, durante un período máximo de 15 minutos, dun cuestionario de 10 preguntas, con respostas alternativas, mediante o que se evidencie o coñecemento por parte dos aspirantes da lingua galega. Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

Ademais engadiranse 3 preguntas de reserva.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas co cuarto do valor asignado á contestación correcta.

ANEXO V

BAREMO OPE 2006

1. Persoal sanitario: 30 puntos.

ATS/DUE, fisioterapeuta, terapeuta ocupacional, técnico especialista, hixienista dental e auxiliar de enfermaría.

1. Formación: 20% (6 puntos).

1. Académica: estudos da correspondente diplomatura ou formación profesional:

Plan antigo:

Por cada matrícula de honra: 1,5 puntos.

Por cada sobresaliente: 1 punto.

Por cada notable: 0,5 puntos.

Non se valorará o sobresaliente cando se obtivese matrícula de honra.

A suma das puntuacións dividirase polo número total de materias avaliadas no plan de estudos, expresando o cociente con dous decimais.

Non se valorarán as materias de idioma, relixión, formación política e educación física.

Plan novo:

A puntuación correspondente aos estudos de cada aspirante obterase mediante a aplicación do seguinte algoritmo:

$$0,5 C_n + 1 C_s + 1,5 C_{mh}$$

$$C_a + C_n + C_s + C_{mh}$$

As anotacións C_a , C_n , C_s e C_{mh} corresponden ao número total de créditos que na certificación académica estean adscritos a materias troncais e obrigatorias e nos que, respectivamente, se obtiveron as cualificacións de aprobado, notable, sobresaliente e matrícula de honra. Non se puntuará o sobresaliente cando se obtivese matrícula de honra.

Non serán valorados os créditos correspondentes a materias optativas ou de libre elección/configuración.

A puntuación resultante expresarase con dous decimais.

Non se valoraran as materias de idioma, relixión, formación política e educación física.

2. Continuada:

2.1. Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación e perfeccionamento acreditados pola Comisión de Formación Continuada do Sistema Nacional de Saúde ou pola Comisión Autonómica, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría e que estean dirixidos directamente á categoría á que se opta.

2.2. Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación e perfeccionamento convocados e impartidos pola Administración estatal, autonómica, universidades INEM, Cruz Vermella, colexios profesionais, organizacións sindicais ou avalados polo Sergas, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría e que estean dirixidos directamente á categoría á que se opta.

2.3. Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación continuada realizados en aplicación dos acordos de formación continuada das Administracións públicas, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría e que estean dirixidos directamente á categoría á que se opta.

-Por crédito: 0,25 puntos.

-Por hora: 0,025 puntos.

Para o caso de que o certificado indique os créditos e as horas de duración, a valoración será realizada sempre polos créditos que figuren neste.

Só se valoraran os cursos de formación realizados con posterioridade á obtención do título exixido para o acceso á categoría á que se opta.

Os cursos de prevención de riscos e de informática valoraranse en todas as categorías.

2. Experiencia: 70% (21 puntos).

-Por cada mes completo de servizos prestados na categoría en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde, fundacións e empresas públicas sanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia ou sistema sanitario público dun país da Unión Europea: 0,25 puntos/mes.

-Por cada mes completo de servizos prestados na categoría noutras Administracións públicas de España ou dun país da Unión Europea ou en programas de cooperación internacional debidamente autorizados ao servizo de organizacións de cooperación internacional: 0,10 puntos/mes.

-Por cada mes completo de servizos prestados na categoría en institucións sanitarias privadas de España ou dun país da Unión Europea: 0,05 puntos/mes.

-Por cada mes completo de servizos prestados noutra categoría da mesma área funcional en institucións sanitarias do Sergas ou de fundacións e empresas públicas sanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia: 0,05 puntos/mes.

Para a determinación da área funcional, haberá que aterse ao establecido neste anexo.

Os servizos prestados con nomeamento de atención continuada ou gardas en urxencias extrahospitalarias, computaranse co criterio de equivalencia dun mes completo por cada 130 horas traballadas en devandito mes, ou a parte proporcional que corresponda á fracción. Se dentro dun mes natural se realizaron máis de 130 horas, soamente poderá valorarse un mes de servizos prestados, sen que o exceso de horas efectuado poida ser aplicado para o cómputo de servizos prestados noutro mes.

3. Outras actividades: 10% (3 puntos).

-Para as categorías de diplomados sanitarios, polo título ou diploma dunha especialidade recoñecida na normativa vixente, que non sexa requisito para o acceso á categoría na que se participa: 1,5 puntos.

-Para as outras categorías sanitarias, polo título oficial dunha formación profesional da rama sanitaria que non sexa requisito para o acceso á categoría na que se participa: 1,5 puntos.

-Por traballos científicos e de investigación directamente relacionados coa categoría de que se trate, apreciados libremente polo tribunal conforme os seguintes criterios e táboa de valoración:

Publicación revista: 0,25.

Capítulo de libro: 0,30.

Libro completo: 1,00.

Non se poderán valorar máis de tres capítulos dun mesmo libro.

Deberá presentarse copia traducida por tradutor xurado daqueles títulos ou certificacións que estean redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español.

Respecto dos traballos científicos e de investigación redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español, non será necesario presentar copia traducida por tradutor xurado.

Polo que se refire aos traballos publicados en revistas, tan só será necesario presentar fotocopia compulsada das follas en que conste o nome da revista, ou título do traballo, o seu autor e a data de publicación.

En relación cos capítulos de libros, será suficiente presentar fotocopia compulsada das follas en que conste o título do libro, o título do capítulo, o autor, o depósito legal do libro e/ou o ISBN e a data de publicación.

Para rematar, en relación cos libros será suficiente presentar fotocopia compulsada das follas en que conste o título do libro, o sumario o índice del, o seu autor, o seu depósito legal e/ou o ISBN e a data de publicación.

2. Personal non sanitario: 30 puntos.

1. Formación: 20% (6 puntos).

1.1. Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación e perfeccionamento acreditados pola Comisión de Formación Continuada do Sistema Nacional de Saúde ou pola Comisión Autonómica, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría e que estean dirixidos directamente á categoría á que se opta.

1.2. Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación e perfeccionamento convocados e impartidos pola Administración estatal, autonómica, universidades INEM, Cruz Vermella, colexios profesionais, organizacións sindicais ou avalados polo Sergas, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría e que estean dirixidos directamente á categoría á que se opta.

1.3. Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación continuada realizados en aplicación dos acordos de formación continuada das Administracións públicas, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría.

-Por crédito: 0,25 puntos.

-Por hora: 0,025 puntos.

Para o caso de que o certificado indique os créditos e as horas de duración, a valoración realizarase sempre polos créditos que figuren neste.

Só se valoraran os cursos de formación realizados con posterioridade á obtención do título universitario exixido para o acceso á categoría á que se opta.

Os cursos de prevención de riscos e de informática valoraranse en todas as categorías.

2. Experiencia: 70% (21 puntos).

-Por cada mes completo de servizos prestados na categoría en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde, fundacións e empresas públicas sanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia ou sistema sanitario público dun país da Unión Europea: 0,25 puntos/mes.

-Por cada mes completo de servizos prestados na categoría noutras Administracións públicas de España ou dun país da Unión Europea: 0,10 puntos/mes.

-Por cada mes completo de servizos prestados na categoría en institucións sanitarias privadas de España ou dun país da Unión Europea: 0,05 puntos/mes.

-Por cada mes completo de servizos prestados noutra categoría da mesma área funcional en institucións sanitarias do Sergas ou de fundacións e empresas públicas sanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia: 0,05 puntos/mes.

Para a determinación da área funcional, haberá que atermos ao establecido neste anexo.

3. Outras actividades: 10% (3 puntos).

Grupos A e B:

-Por traballos publicados directamente relacionados coa categoría de que se trate, apreciados libremente polo tribunal conforme os seguintes criterios e táboa de valoración:

Publicación revista: 0,25.

Capítulo de libro: 0,30.

Libro completo: 1,00.

Non se poderán valorar máis de tres capítulos dun mesmo libro.

Deberá presentarse copia traducida por tradutor xurado daqueles títulos ou certificacións que estean redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español.

Respecto dos traballos redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español, non será necesario presentar copia traducida por tradutor xurado.

Polo que se refire aos traballos publicados en revistas, tan só será necesario presentar fotocopia compulsada das follas en que conste o nome da revista, o título do traballo, o seu autor e a data de publicación.

En relación cos capítulos de libros, será suficiente presentar fotocopia compulsada das follas en que conste o título do libro, o título do capítulo, o autor, o depósito legal do libro e/ou o ISBN e a data de publicación.

Para rematar, en relación cos libros será suficiente presentar fotocopia compulsada das follas en que conste o título do libro, o sumario, o índice del, o seu autor, o seu depósito legal e/ou o ISBN e a data de publicación.

Grupos C, D e E:

-Por presentar titulacións oficiais específicas non exixidas para o acceso á categoría e directamente relacionadas coas funcións da categoría á que se opta: 3 puntos.

Áreas funcionais

Para a valoración dos servizos prestados noutra categoría distinta á que se opta teranse en conta as seguintes áreas funcionais:

-Sanitaria.

-Administrativa.

-Mantemento.

-Hostalaría.

-Informática.

Os servizos prestados nas categorías de celador e persoal de servizos xerais serán valorados indistintamente nas áreas funcionais sanitaria, administrativa e de mantemento.

Os servizos prestados nas categorías de grupo auxiliar da función administrativa e persoal de servizos xerais serán valorados indistintamente nas áreas funcionais administrativa e informática.

Os servizos prestados na categoría de telefonista serán valorados indistintamente nas áreas funcionais administrativa e de mantemento.

En calquera caso distinto aos anteriores os servizos prestados noutra categoría só poderán ser valorados nas categorías pertencentes a unha única área funcional.

ANEXO VI

GRUPO TÉCNICO DA FUNCIÓN ADMINISTRATIVA

I. Parte común:

Tema 1. A Constitución española: Principios fundamentais, dereitos e deberes fundamentais dos españois. A protección da saúde na Constitución.

Tema 2. Estatuto de autonomía de Galicia. Estructura e contido. O Parlamento. A Xunta e o seu presidente. A Administración pública galega.

Tema 3. A Lei xeral de sanidade: fundamentos e características. Competencias das Administracións públicas en relación coa saúde. Dereitos e deberes dos usuarios do sistema sanitario público.

Tema 4. O Estatuto Marco do Persoal Estatutario dos servizos de saúde. Clasificación do Persoal Estatutario. Dereitos e deberes. Adquisición e perda da condición de persoal estatutario fixo. Mobilidade do persoal. Xornada de traballo, permisos e licenzas. Situacións do persoal estatutario. Réxime disciplinario. Incompatibilidades. Representación, participación e negociación colectiva.

Tema 5. O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde. Provisión e selección de prazas. Réxime retributivo. Xornada de traballo. Permisos e licenzas.

Tema 6. A Lei de ordenación sanitaria de Galicia. O sistema sanitario de Galicia. Competencias sanitarias das Administracións públicas de Galicia. O Servizo Galego de Saúde.

Tema 7. A Atención Primaria da Saúde: concepto e características xerais. A ordenación da Atención Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Órganos de dirección. Asistencia especializada: concepto e características xerais. A ordenación da atención especializada na Comunidade Autónoma de Galicia. Órganos de dirección.

Tema 8. Saúde laboral: concepto. Principais riscos nas IISS e medidas de prevención. Principios básicos do Plan Xeral de Prevención de Riscos Laborais.

II. Parte general:

I. Dereito constitucional, autonómico e comunitario.

Tema 9. Concepto de Constitución. A Constitución como norma xurídica. Liñas fundamentais do constitucionalismo español.

Tema 10. A Constitución española de 1978. Os principios constitucionais. O Estado español como Estado social e democrático de dereito. A reforma constitucional.

Tema 11. Os dereitos fundamentais da Constitución española. Garantías e tutela.

Tema 12. A Xefatura do Estado: a Coroa. Funcións constitucionais do Rei. O referendo. As Cortes xerais. Composición e atribucións do Congreso dos Deputados e do Senado. Procedemento de actuación das cámaras. Elaboración das leis.

Tema 13. O Goberno e a Administración. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais. Designación, duración e responsabilidade do Goberno. O Consello de Ministros. O presidente do Goberno. Os ministros. O poder xudicial. A regulación constitucional da

xustiza. O Consello Xeral do Poder Xudicial. O Ministerio Fiscal.

Tema 14. A Administración pública: principios constitucionais que a informan. A Administración xeral do Estado. Órganos superiores desta. A Administración periférica do Estado: delegados de Goberno e subdelegados. Relacións entre as Administracións públicas: mecanismos de cooperación, coordinación e control. A Administración local: a provincia e o municipio.

Tema 15. A Administración institucional: concepto e clasificación dos entes públicos e non territoriais. Os organismos autónomos. A Administración consultiva: O Consello de Estado. O Consello Consultivo de Galicia: funcións e composición.

Tema 16. A distribución territorial do poder do Estado: análise histórica e evolución. Os diversos modelos existentes. O Estado das autonomía. A súa regulación na Constitución.

Tema 17. A autonomía política. Vías de acceso á autonomía. Os estatutos de autonomía: contido. Procedemento de elaboración e reforma dos estatutos.

Tema 18. A autonomía galega: orixe e evolución. O Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura e contido. Bases fundamentais da autonomía galega: o territorio. Os símbolos. A lingua e a cultura galegas. O recoñecemento da galegitude. A condición de galego. Os dereitos dos cidadáns galegos: garantías.

Tema 19. Organización política das comunidades autónomas. As institucións de autogoberno de Galicia: descrición. Sede. A Administración de xustiza en Galicia.

Tema 20. O Goberno da Comunidade Autónoma. A Xunta de Galicia e o seu presidente. O Parlamento de Galicia. Sistema electoral. Funcións do Parlamento: o control parlamentario da acción de goberno. O Valedor do Pobo. Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega: ámbito e principios xerais. Transparencia na actividade administrativa.

Tema 21. A Unión Europea: a Unión Política e Monetaria. As fontes do Dereito Comunitario Europeo. As relacións entre o dereito comunitario e o ordenamento xurídico dos Estados membros. A aplicación da normativa comunitaria no Estado español. A participación das comunidades autónomas na aplicación do dereito comunitario.

II. Teoría xeral do dereito.

Tema 22. As fontes do dereito: teoría xeral e regulación no Código Civil. Especialidades do sistema de fontes do dereito no ámbito do dereito administrativo.

Tema 23. O dereito obxectivo. Interpretación, aplicación e eficacia das normas. Dereitos e facultades. O dereito subxectivo. A relación xurídica.

III. Dereito administrativo.

Tema 24. O dereito administrativo. Concepto. A actividade administrativa de dereito privado. A Constitución como norma xurídica. A lei: concepto e clases. Disposicións do executivo con forza de lei: decretos-leis e decretos lexislativos. O regulamento: concepto e clases. Límites da potestación regulamentaria.

Tema 25. O principio de legalidade na Administración. Atribucións de potestades. Potestades reguladas e potestades discrecionais. Relacións entre Administración e Xustiza. O principio de autotutela.

Tema 26. O acto administrativo. Concepto e clases. Elementos do acto administrativo: suxeito, obxecto, causa, fin e forma. A eficacia e executividade do acto administrativo. Procedementos de execucións. Nulidade de pleno dereito, anulabilidade. Revisión de oficio e revogación dos actos administrativos.

Tema 27. O procedemento administrativo: concepto e natureza. A regulación do procedemento administrativo no dereito español: ámbito de aplicación, principios xerais, os interesados e a estrutura do procedemento. O procedemento administrativo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Tema 28. Os recursos administrativos: conceptos e clases. Requisitos xerais dos recursos administrativos. Materias recorribles, lexitimación e órgano competente. Tipos de recursos. O recurso contencioso-administrativo: procedemento xeral.

IV. Lexislación e xestión sanitaria.

Tema 29. Concepto da saúde: evolución histórica e actual consideración deste. Perspectiva constitucional da sanidade. O dereito á saúde no ámbito do dereito comparado: modelos sanitarios máis relevantes no marco internacional, especialmente europeo.

Tema 30. Organización do sistema sanitario español. Normas que desenvolven o dereito a protección da saúde no Estado español. Normativa de Galicia o seu contido. Dereitos e deberes dos cidadáns en relación co dereito á saúde. A universalidade da asistencia sanitaria. A atención aos emigrantes.

Tema 31. As competencias do Estado, das comunidades autónomas e das entidades locais en materia de sanidade. A alta inspección. Coordinación entre as Administracións públicas: O Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

Tema 32. A estrutura do sistema sanitario público: a organización xeral, a coordinación e o financiamento. Análise das leis vixentes, contido e fins.

Tema 33. A formación especializada: regulación legal das especialidades médicas, farmacéuticas e de enfermaría. O exercicio da profesión sanitaria. Requisitos para o exercicio legal das profesións sanitarias.

Tema 34. Dereitos e deberes dos pacientes e dos profesionais na lexislación española. O segredo médico. O dereito da confidencialidade. Normativa europea e española de protección de datos persoais. A información e o consentimento informado: normativa europea, española, e galega. A información clínica como fonte de dereitos e deberes.

Tema 35. A relación cos pacientes: deberes xerais, deberes de tratamento. Fundamentos da deontoloxía e ética médica: principios éticos. Leis e normativa española sobre reprodución humana, a relacionada coa morte, sobre experimentación con seres humanos, e doazón e transplantes de órganos: cuestións básicas.

Tema 36. Prestacións do sistema sanitario público español: mantemento do nivel de calidade e cohesión. Asistencia sanitaria: obxecto e feitos causantes. Beneficiarios: prestacións médicas e farmacéuticas. Modalidades da prestación médica. Normativa autonómica de Galicia en materia de prestacións sanitarias e farmacéuticas.

Tema 37. Ordenación da sanidade en Galicia: planificación, actuacións e intervención en materia de saúde. Asistencia sanitaria na rede galega de atención sanitaria de utilización pública. Participación comunitaria. Dereitos e deberes dos cidadáns. As infraccións e sancións. Docencia, formación e investigación sanitaria.

Tema 38. A Consellería de Sanidade: estrutura orgánica e competencias. O Servizo Galego de Saúde: natureza xurídica, estrutura orgánica e competencias dos seus órganos.

Tema 39. A ordenación sanitaria en Galicia: mapa sanitario. A atención primaria na Comunidade Autónoma de Galicia: ordenación e estrutura. As urxencias extra hospitalarias: organización. Coordinación das urxencias. A tarxeta sanitaria.

Tema 40. A atención especializada: ordenación en Galicia, estrutura organizativa, carteira de servizos, a atención urxente. Modelos de xestión por entidades públicas sanitarias: evolución. Configuración dos centros hospitalarios. Clasificación dos servizos: médicos, cirúrxicos, centrais, xerais. O servizo de atención ao paciente.

V. Xestión de persoal.

Tema 41. O persoal ao servizo das administracións públicas. Clases de persoal. Principios definidores do persoal funcionario, estatutario e laboral. Lexislación aplicable. Xurisdición competente. Previsións das leis en materia de persoal do sector sanitario público. Análise histórico e normativa básica actual.

Aspectos esenciais das normas vixentes en materia de clasificación do persoal. Planificación e ordenación do persoal. Tipos de réximes xurídicos que conviven nas institucións sanitarias do Sergas.

Tema 42. Regulación básica de persoal do sistema nacional de saúde e desenvolvemento en Galicia: adquisición e perda da condición de persoal estatutario fixo. Situacións administrativas. Dereitos e deberes. Responsabilidade dos profesionais: penal, administrativa e disciplinaria.

Tema 43. Regulación básica do sistema nacional de saúde e desenvolvemento en Galicia en materia de provisión de prazas, selección fixa e temporal, e promoción interna, mobilidade do persoal, criterios de incorporación e cesamento. Provisión de postos de xefatura e coordinación. Provisión de postos de carácter directivo.

Tema 44. A carreira e o desenvolvemento profesional: análise das normas. Previsión, e desenvolvemento normativo en Galicia da carreira profesional do persoal das institucións sanitarias do Sergas.

Tema 45. Réxime retributivo do persoal das institucións sanitarias. Cadros orzamentarios de persoal Xornada de traballo, permisos e licenzas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

Tema 46. Entidades xurridas ao abeiro das novas formas de xestión. As fundacións públicas sanitarias e empresas públicas sanitarias da comunidade autónoma. O convenio colectivo.

Tema 47. Lexislación española e galega sobre igualdade de homes e mulleres e sobre conciliación da vida persoal, familiar e laboral: principios e dereitos.

Tema 48. Os axentes sociais. Os dereitos sindicais, a acción sindical e a folga. Límite da folga nos servizos públicos esenciais. Os órganos de representación do persoal no sector público. Negociación e participación: a negociación colectiva no sector público. Competencias negociadoras: pactos e acordos. A participación: órganos, especial referencia as características en Galicia.

Tema 49. As incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Análise específico das incompatibilidades no sector sanitario e a súa problemática. Responsabilidade derivada da incompatibilidade.

Tema 50. A función directiva: concepto de dirección. Funcións directivas. Modalidades de dirección. Técnicas de dirección. A dirección participativa por obxectivos. Concepto. Fases de desenvolvemento. Análise de resultados. A dirección estratéxica. Concepto de estratexia: elementos esenciais. Análise estratéxica externa e interna. Xestión de persoas: principios xerais.

VI. Xestión económica e de servizos.

Tema 51. O orzamento: concepto e características principais. Principios orzamentarios. Crise do orzamento clásico e novas tendencias orzamentarias. A clasificación funcional e o orzamento de execución. O orzamento por programas. O orzamento en base cero.

Tema 52. O Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. A Facenda da Comunidade.

Tema 53. A Lei xeral de orzamentos e os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia. Especial referencia ao orzamento do Servizo Galego de Saúde: concepto e natureza. Contido. Estrutura. Elaboración. Aprobación.

Tema 54. Execución orzamentaria. Modificacións orzamentarias. Control interno. Liquidación do orzamento e rendemento de contas.

Tema 55. A xestión do gasto público. Fases de execución e documentos contables. Fondos que hai que xustificar. Anticipos de caixa. Gastos plurianuais. Expedientes anticipados de gasto. Xestión de ingresos: fase de execución e documentos contables.

Tema 56. Os ingresos públicos: concepto e clasificacións. O sistema tributario español. Taxas e prezos públicos: especial referencia ás taxas e prezos públicos en Galicia.

Tema 57. O financiamento do sistema nacional de saúde. Especial referencia ao financiamento do Servizo Galego de Saúde. A asistencia sanitaria con medios alleos á Seguridade Social: principios xerais e réxime xurídico. A participación dos beneficiarios no prezo dos medicamentos.

Tema 58. Información sanitaria: datos e indicadores básicos. Medidas de produción hospitalaria: definición e cálculo da unidade ponderada de asistencia. O conxunto mínimo básico de datos: definición, características, aplicación e variables recollidas no conxunto mínimo básico de datos do Servizo Galego de Saúde.

Tema 59. A función de admisión dentro dos procesos de xestión da asistencia sanitaria. Xestión de listas de espera. Sistemas de información respecto da asistencia especializada e atención primaria. Arquivo e documentación clínica.

Tema 60. A prevención de riscos. Marco normativo e organización da prevención de riscos e saúde laboral. Adaptación da lexislación á Administración pública. Órganos de participación no Sergas. Responsabilidade disciplinaria do persoal estatutario en materia de prevención de riscos.

VII. Sistemas de información.

Tema 61. Os sistemas de información: conceptos xerais das tecnoloxías da información.

Tema 62. A Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Tarxeta sanitaria.

Tema 63. Os ordenadores persoais. Sistemas operativos actuais. A protección xurídica dos programas de ordenador.

Tema 64. Ferramentas principais de informática persoal. Bases de datos. Follas de cálculo. Procesadores de texto. Bases de datos documentais.

Tema 65. Redes de área local. Concepto. Compartición de recursos. Vantaxes. Rede internet: concepto. Principais navegadores. Correo electrónico. Intranet.

III. Parte específica.

Modalidad xurídica.

Tema 66. Concepto do dereito. Fontes do dereito. Dereito público e privado. Dereito obxectivo e dereito subxectivo. Concepto do dereito civil: o dereito civil español común e foral, os seus distintos rasgos.

Tema 67. A norma xurídica: concepto, clases, interpretación. Lagoa do ordenamento. A analoxía. A eficacia da norma xurídica. A ignorancia da lei. A forza obrigatoria da norma en relación co tempo. Caducidade e prescrición.

Tema 68. Comunidades Europeas e Unión Europea. Antecedentes e situación actual. A posición española. Estatuto e competencias. O Consello. A Comisión. O Parlamento Europeo. O Tribunal de Xustiza. Órganos complementarios.

Tema 69. O sistema xurídico da Unión Europea. Fontes do dereito comunitario. Carácteres do dereito comunitario. A aplicación do dereito comunitario e a súa integración no ordenamento xurídico español.

Tema 70. As liberdades básicas do sistema comunitario. Libre circulación de traballadores, capitais e mercadorías. O espazo económico europeo.

Tema 71. A Administración pública como persoa xurídica. O concepto de Administración na evolución do dereito administrativo. A división de poderes. Actividades administrativas dos órganos constitucionais do Estado. A coordinación das administracións públicas. A Administración pública na lexislación vixente.

Tema 72. As fontes do dereito administrativo. A primacía das fontes escritas no dereito administrativo. O valor do costume e dos principios xerais.

Tema 73. A Lei: concepto e clases. Disposicións do executivo con forza de lei: decretos-leis e decretos lexislativos.

Tema 74. O regulamento: clases. Fundamentos e límites da potestade reguladora. Regulamentos ilegais: a súa impugnación. Regulamentos dos órganos constitucionais.

Tema 75. A relación xurídico-administrativa. Concepto. Suxeitos da relación xurídico-administrativa: as administracións públicas. O administrado. Situacións xurídicas dos administrados.

Tema 76. O acto administrativo: concepto e clases. Elementos do acto administrativo: suxeito, obxecto, causa, fin e forma.

Tema 77. A eficacia do acto administrativo: principios xerais. Executividade e suspensión. Procedementos de execución. Nulidade de pleno dereito. Anulabilidade. Revogación e revisión de oficio.

Tema 78. A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (I): ámbito de aplicación e principios xerais. As administracións públicas e as súas relacións. Os órganos das administracións públicas. Os interesados.

Tema 79. A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (II): a actividade das administracións públicas. Disposicións e actos administrativos. As disposicións xerais sobre os procedementos administrativos. A revisión dos actos na vía administrativa. As reclamacións previas ao exercicio das accións civís e laborais.

Tema 80. A xurisdición contencioso-administrativa: concepto e natureza. O recurso contencioso-administrativo: partes, actos impugnables, procedemento. Recursos contra sentenzas. Execución de sentenzas.

Tema 81. Os contratos administrativos: natureza, carácteres e clases. Elementos: suxeitos, obxecto, causa e forma. Formas de adxudicación dos contratos. Especial referencia á contratación con empresas consultoras ou de servizos.

Tema 82. Contrato de subministracións: normas xerais, publicidade, adxudicación, formalización, execución, modificación e extinción do contrato. Contratacións de consultaría e asistencia e de servizos: normas xerais, preparación, publicidade, adxudicación, execución, modificación, cumprimento e resolución do contrato. Contrato de obras: preparación, publicidade, execución, modificación e extinción do contrato.

Tema 83. Contido e efectos dos contratos administrativos. Prerrogativas da Administración e equilibrio financeiro. Cumprimento dos contratos administrativos. Risco e ventura e forza maior na contratación administrativa. Revisión de prezos. Resolución, rescisión e renuncia.

Tema 84. A expropiación forzosa. Potestade expropiatoria. Natureza e xustificación. Suxeitos, obxecto e causa. Contido. O procedemento expropiatorio en xeral. Garantías xurisdiccionais.

Tema 85. A responsabilidade patrimonial da Administración. Características da institución no sistema español. Lesión determinante, suxeitos imputables e causa de imputación. A extensión da reparación. A acción de responsabilidade.

Tema 86. A responsabilidade dos profesionais sanitarios e da Administración. Responsabilidade penal e disciplinaria. Responsabilidade profesional na práctica sanitaria: imprudencia profesional, omisión do deber de socorro, violación do segredo profesional, intrusismo, falsidade en certificado médico.

Tema 87. A potestade sancionadora da Administración. Principios xerais do dereito administrativo sancionador. Procedemento sancionador. Medidas sancionadoras administrativas.

Tema 88. A actividade administrativa de servizo público. Teoría xeral. Formas de xestión dos servizos públicos. Especial referencia ás autorizacións e concesións.

